

## AOS GRUPOS PARLAMENTARES E Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO






### PROPOSICIÓN DE LEI PARA A PROHIBICIÓN DO USO DAS TECNOLOXÍAS MINEIRAS A BASE DE CIANURO EN GALICIA E A CONSTITUCIÓN DE GARANTÍAS FINANCEIRAS SUFICIENTES FRONTE ÁS INDEMNIZACIÓNS POR DANOS

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Para garantir que a actividade mineira non comprometa o equilibrio e a dinámica dos ecosistemas e poña en perigo a biodiversidade e a saúde humana, cómpre previr e limitar o risco e os efectos nocivos de determinadas prácticas e técnicas mineiras. Tal é o caso das tecnoloxías de extracción do ouro a base de cianuro, cuxos riscos derivados de eventuais verteduras e accidentes poden supoñer graves consecuencias para o ambiente a saúde das persoas.

A este respecto, o Parlamento Europeo acordou mediante resolución de 5 de maio de 2010 pedir á Comisión “a prohibición completa do uso das tecnoloxías mineiras a base de cianuro na Unión Europea antes de finais de 2011, xa que é a única forma segura de protexer os nosos recursos hídricos e ecosistemas da contaminación por cianuro procedente das actividades mineiras”. En resposta a esta demanda, algúns países da UE como Alemaña, Hungría e a República Checa xa incorporaron ás súas lexislacións a prohibición do uso do cianuro en minaría.

#### ANTECEDENTES E FUNDAMENTOS LEGAIS:

-  - O artigo 191 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea,
-  - O principio de precaución establecido na Declaración de Río sobre o Medio Ambiente e o Desenvolvemento, así como no Convenio sobre a Diversidade Biolóxica, de xuño de 1992 (Río de Janeiro),
-  - Os obxectivos medioambientais da Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas,
-  - A Directiva 2006/21/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 15 de marzo de 2006, sobre a xestión dos residuos de industrias extractivas, pola que se permite a utilización de cianuro na minería dentro duns niveis máximos permisibles,
-  - A Directiva 2006/21/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 15 de marzo de 2006, sobre a xestión dos residuos de industrias extractivas, pola que se permite a utilización de cianuro na minería dentro duns niveis máximos permisibles,
- A Directiva 2003/105/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 16 de decembro de 2003, pola que se modifica a Directiva 96/82/CE (Seveso II) do Consello relativa ao control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan sustancias perigosas,
- A Directiva 2004/35/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de abril de 2004, sobre responsabilidade medioambiental, conforme á cal os Estados membros poderán eximir ao operador de correr cos gastos derivados de danos medioambientales se se demostran determinadas circunstancias,
- As medidas da República Checa sobre a prohibición xeral do uso das tecnoloxías mineiras a base de cianuro coa modificación da Lei de minas nº 44/1988 de 2000, así como a modificación da Lei húngara de minas nº 48/1993 de 2009 pola que se introduce unha prohibición do uso de tecnoloxías mineiras a base de cianuro no territorio húngaro, así como o decreto alemán promulgado en 2002 polo que se prohibe a lixiviación con cianuro na minería,
- Os seguintes artigos do Estatuto de Autonomía de Galicia: Art. 27.30 referente á competencia

exclusiva da autonomía en materia de protección do medio ambiente e da paisaxe nos termos do artigo 149.1.2.; Art. 28.3 referente á competencia da Comunidade Autónoma galega para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado nos termos que esta estableza, do réxime mineiro e enerxético; Art. 29.5 referente á competencia da Comunidade Autónoma galega a execución da lexislación do Estado nas seguintes materias: Vertidos industriais e contaminantes nas augas territoriais do Estado correspondentes ao litoral galego.

#### CONSIDERACIÓNS:

A. Considerando que as Nacións Unidas proclamaron 2010 Ano Internacional da Diversidade Biolóxica, declaración pola que invitan ao mundo a actuar en 2010 para salvagardar a biodiversidade na Terra,

B. Considerando que o cianuro é unha sustancia química altamente tóxica utilizada na minería do ouro e que, no Anexo VIII da Directiva marco sobre política de augas, está clasificado como un dos principais contaminantes, e que pode ter un impacto catastrófico e irreversible no medio ambiente e na saúde humana, e, polo tanto, na diversidade biolóxica,

C. Considerando que, na Posición Común dos Ministros de Medio Ambiente da República Checa, Hungría, Polonia e Eslovaquia sobre minería sostible, emitida na 14ª reunión dos Ministros de Medio Ambiente do grupo de Visegrado celebrada o 25 de maio de 2007 en Praga (República Checa), estes manifestaban a súa preocupación polas tecnoloxías perigosas utilizadas e previstas para as actividades mineiras en diversas zonas da rexión que entrañan riscos medioambientais considerables con posibles consecuencias transfronteirizas,

D. Considerando que, no marco do Convenio de Sofía sobre a cooperación para a protección e o uso sostible do Danubio, as partes acordaron que, ademais das sustancias perigosas prioritarias en virtude da Directiva marco sobre política de augas, o cianuro se clasifique como unha sustancia perigosa importante,

E. Considerando que, nos últimos 25 anos, rexistráronse en todo o mundo máis de 30 accidentes importantes relacionados con verquidos de cianuro e que non existe ningunha garantía real de que non volva producirse un accidente semellante, especialmente tendo en conta o incremento das condicións meteorolóxicas extremas, por exemplo, intensas e frecuentes precipitacións, tal como preve o Cuarto Informe de Avaliación do Grupo Intergubernamental de Expertos sobre o Cambio Climático,

F. Considerando que varios Estados membros da Unión Europea seguen suscitando novos proxectos de minas de ouro ao descuberto a gran escala que usen tecnoloxías a base de cianuro en zonas densamente poboadas, xerando así novas ameazas potenciais para a saúde humana e o medio ambiente,

G. Considerando que, de conformidade coa Directiva marco sobre política de augas, os Estados membros están obrigados a acadar e manter o bo estado dos recursos hídricos, así como a previr a súa contaminación por sustancias perigosas; considerando, con todo, que a calidade do auga tamén pode depender da calidade do auga da bacía hidrográfica de que se trate situada en países veciños que utilizan tecnoloxías mineiras a base de cianuro;

H. Considerando que os efectos transfronteirizos dos accidentes con cianuro, en particular con respecto á contaminación de grandes bacías hidrográficas e de augas subterráneas, subliñan a necesidade de adoptar un enfoque común a escala da Unión Europea fronte á grave ameaza medioambiental que supón o uso de cianuro na minería,

I. Considerando que segue sen dispoñerse de regras prudenciais e de garantías financeiras axeitadas, e que a aplicación da lexislación existente en relación co uso de cianuro nas minas tamén depende das competencias dos poderes executivos de cada Estado membro, polo que un



futuro accidente é só cuestión de tempo e de negligencia,

L. Considerando que algúns Estados membros aínda non transpuxeron plenamente a Directiva sobre residuos da minería,

M. Considerando que a minería que utiliza cianuro crea pouco emprego e só por un período de entre oito e dezaseis anos, pero pode provocar enormes danos ecolóxicos transfronteirizos que, polo xeral, non son compensados polas empresas explotadoras responsables, que adoitan desaparecer ou ir a créba, senón polo Estado afectado, é dicir, polos contribuintes,

N. Considerando que as empresas explotadoras non contan con seguros a longo prazo que cubran os custos en caso de accidente ou funcionamento defectuoso no futuro,

O. Considerando que é necesario extraer unha tonelada de menas de baixa calidade para producir dous gramos de ouro, o que xera unha enorme cantidade de residuos mineiros nas zonas de extracción, mentres que entre un 25 e un 50 % do ouro quédase finalmente na pila de residuos; considerando, ademais, que os proxectos mineiros de gran escala que empregan cianuro utilizan varios millóns de kilogramos de cianuro de sodio ao ano e que un fallo no seu transporte e almacenamento pode ter consecuencias catastróficas,

P. Considerando que existen alternativas ao uso do cianuro na minería que poderían substituír ás tecnoloxías a base de cianuro,

Q. Considerando as enérxicas protestas públicas contra os proxectos mineiros en curso que utilizan cianuro dentro de Europa, nas que participaron non só cidadáns a título individual, comunidades locais e ONG, senón tamén organizacións estatais, gobernos e políticos,

R. Considerando que o cumprimento dos obxectivos da UE en virtude da Directiva marco sobre política de augas, é dicir, conseguir un bo estado químico e protexer os recursos hídricos, así como a protección da diversidade biolóxica, só pode lograrse mediante a prohibición das tecnoloxías mineiras a base de cianuro;

A teor de todo o anteriormente exposto, preséntase a seguinte,



Amigos  
da Terra

## PROPOSICIÓN DE LEI

**Artigo 1.** Prohíbese o uso de tecnoloxías mineiras a base de cianuro en toda a Comunidade Autónoma de Galicia como único xeito seguro de protexer os nosos recursos hídricos e ecosistemas fronte á contaminación por cianuro procedente das actividades mineiras.

**Artigo 2.** Engádesse un novo artigo á lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia:

“Artigo 33 bis. Seguro de accidentes e indemnizacións por danos. Todos os titulares dun permiso de explotación estarán obrigados a avaliar os danos que podería causar o accidente máis grave posible e a dispoñer dun seguro con cobertura suficiente para facer fronte ás indemnizacións por danos que cubra todos os gastos das medidas de reparación destinadas a restaurar o estado ecolóxico e químico orixinal en caso de accidente ou funcionamento defectuoso.”

**Disposición derogatoria.** Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango opóñanse ao disposto na presente lei.

**Disposición final.** A presente lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.